

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION DA INSTALACIÓN, REINSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XOGOS INFANTIS, PAVIMENTO CONTINUO DE SEGURIDADE, VALADO E CARTEL INDICATIVO NUN ESPAZO EXISTENTE NA URBANIZACION DO POLIGONO Nº 1 DE PARADAI NA CIDADE DE LUGO..

Sendo as 13:50 horas do día 23 de agosto de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Teneta de Alcalde delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, e actuando como vocais dona Esther Muñoz Mella polo grupo Municipal do Partido Socialista, don Angel Trabada, polo grupo Municipal do Partido Popular, don Antón Bao Abelleira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral do Pleno en substitución do titular da asesoría xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, e actuando como secretario da mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión a sra Presidenta e procédese por parte do Secretario a informar aos presentes que as tres empresas que presentaron proposición son admitidas a licitación por ter a documentación correcta. Procédese a continuación á apertura dos sobres B, co seguinte resultado:

LAPPSET ESPAÑA VR S.L oferta un prezo de 36.128,22 euros, IVE incluído e un plan de mantemento integral de 36 meses a maiores do mínimo de tres anos esixido nos pregos.

ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L oferta un prezo de 39.930 euros, IVE incluído e un plan de mantemento integral de 2 meses a maiores do mínimo de tres anos esixido nos pregos.

PORTOSAR GALICIA S.L oferta un prezo de 41.109,75 euros, IVE incluído e un plan de mantemento integral de 1 mes a maiores do mínimo de tres anos esixido nos pregos.

Tendo en conta os criterios de adxudicación incluídos no prego de cláusulas administrativas particulares, elabórase o seguinte cadro de puntuacións:

	Oferta económica	Mantemento	TOTAL
LAPPSET	6	4	10
ASOGAL	2,16	0,22	2,38
PORTOSAR	0,91	0,11	1,02

CONTRATACIÓN

MLA

Ref^o: Acta sobre B e adxudicación xogos Paradai


Asunto:

Á vista das puntuacións, os integrantes da mesa acordan por unanimidade seleccionar á proposición presentada por LAPPSET ESPAÑA VR S.L por ser a mais vantaxosa para o Concello e propoñer a adxudicación a esta empresa nas condicións ofertadas.

Sen mais que manifestar conclúense co asunto ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

Asdo ~~Sonia Méndez García~~



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz